

A HUMANIDADE DE RAMÓN PIÑEIRO

Andrés Torres Queiruga

Arma virumque cano: “Canto as armas e o varón”. Aínda que agora non estea de moda o latín, deixádeme comezar con estas palabras, que son as primeiras da *Eneida*, un dos grandes poemas da humanidade. Nel Virxilio cantou a longa odisea de Eneas, que, cargado cos recordos do pasado e cos deuses do futuro, percorreu o Mediterráneo coa arela de fundar una nova patria, Roma.

A min tócanme a honra e o gozo de falar, hoxe e aquí, de Ramón Piñeiro. Podería, tal como Virxilio fixo con Eneas, dedicar o groso destas liñas a contar as súas *armas*. Falaría entón do seu periplo por paisaxes menos amplas e de avatares menos espectaculares, pero non menos intensos para Piñeiro nin, de certo, menos entrañables e decisivos para nós.

Tería que empezar co neno solitario e reflexivo, a camiñar polos vieiros e polos campos de Armea, este lugar que hoxe nos acolle con cariño xeneroso en honor do seu fillo máis ilustre, e onde el comungou coa paisaxe, soñou coas nubes e acompañou os animais familiares. Evocaría logo a súa adolescencia e primeira xuventude, que, aprendendo dos grandes pioneiros da nova etapa de Galicia e colaborando xa con eles, iniciaba a longa e persoal camiñada. Camiñada que, fonda de pensamento e famenta de acción, vai definir toda a súa vida e que, dalgún xeito, acabaría marcando a de todos nós. Debería continuar lembrando o escurísimo túnel da guerra e, alén dos seus horrores, as fronteiras que cruzou e as cadeas que aturou na procura dun futuro mellor para a nosa patria. E finalmente, tería que falar da entrega absoluta á reconstrución cultural e política do noso pobo, en loitas por fortuna xa non de sangue, pero por veces non menos duras e arriscadas; en todo caso, non menos xenerosas nas necesarias renuncias nin menos conflitivas nas opcións irrenunciáveis.

Puido, como todos os humanos, equivocarse algunha vez: para unha mellor e máis xusta claridade sobre iso deberemos seguramente agardar aínda a mediación do tempo e a maduración da historia. Do que podemos estar seguros –quen vos fala estao sen fisga nin vacilación– é da limpeza sen tacha da súa intención e, como escribiu un ilustre académico aquí presente, da diamantina firmeza da súa ética. Igual que o podemos estar da profunda impronta, do selo imborrable, que a súa vida e a súa obra deixaron para sempre na carne de Galicia. Unha Galicia que xa nunca se poderá comprender sen as ter en conta.

Pero xa insinuei que non son as *armas* o que hoxe vou glosar, sabendo que moito se pode, se debe e se deberá aínda dicir. Deixo esa tarefa para autores máis doutos na historia e máis instruídos na política do noso país. É o *varón*, o home Ramón Piñeiro, o

que agora me interesa. Nin sequera vou cansar a vosa atención cun retrato minucioso, cunha etopea demorada. Por fortuna, xa a fixo, magnífica, o seu grande amigo Domingo García Sabell na resposta ao seu discurso de entrada na nosa Academia. O meu propósito é máis modesto: acudindo á miña lembranza, en memoria agradecida da súa amizade, vou evocar, ao fío de palabras súas que tiveron a sorte de lle escoitar, catro trazos que dalgún xeito axudan a definir a súa nobre, a súa fonda, a súa humanísima humanidade.

O primeiro refrefese xustamente a esa *humanidade*. Un feito escondido, que, penso que case de xeito casual, me contou un día. Era nos comezos. No seu camiño diario cara ao traballo pasaba sempre ao lado dun deses seres marxinais –non recordo ben a descrición concreta– que todo o mundo ignoraba e acaso desprezaba. Piñeiro, en troques, coa súa típica sensibilidade cara ao humilde e marxinal, saudábalos con respecto cada vez que pasaba ao seu carón. Cando todo cambiou coa chegada da guerra, aquel ser marxinal acadou certo protagonismo ou polo menos influencia nos grupos que empezaron a dominar o ambiente coas armas, o terror e os lúgubres “paseos”. Piñeiro, contoume, soubo despois que aquel home lle salvara a vida: “A ese non o toquedes, porque é meu amigo”.

O segundo trazo apunta ao *compromiso político*. Ben coñecido é o triste episodio da súa prisión en Madrid á volta de París, a onde fora, arriscando a vida, co intento de negociar un posto digno para Galicia no soñado futuro democrático. Tempos perigosos, na indefensión duns cárceres políticos non precisamente respectuosos cos dereitos humanos. Prisioneiro e sometido a interrogatorio, o risco era grande, pois unha extensión da lista dos implicados suporía unha terrible desfeita para o minoritario traballo da clandestinidade. Piñeiro, consciente do perigo, a pesar da dura represión que podía botar enriba das súas costas, cargou sobre si toda a responsabilidade, asegurando que todo fora unha iniciativa propia, exclusivamente persoal.

O comisario, experimentado no oficio, deuse perfecta conta de que lle estaba mentindo, e, nese sutil xogo de ocultas complicidades, Piñeiro deuse conta de que o interrogador se daba conta. Pero algo moi especial impresionou na actitude de Piñeiro, pois –contoume Ramón– fixo coma que o cría. En consecuencia, “freou os interrogatorios e non houbo o mínimo maltrato físico”. Estou convencido de que o milagre foi debido á íntima pero eficazísima forza dun dos riscos máis característicos da personalidade de Piñeiro: un home que, a pesar da súa gran timidez psicolóxica, grazas a unha indomable vontade ética, era dono dunha determinación política sen fenda nin creba.

Desa *vontade ética*, fala o terceiro trazo, que remite a unha opción entre as máis discutidas que Piñeiro debeu tomar ao longo da súa vida. De entrada, como a tantos galegos e galegas, cando el decidiu presentarse como independente no noso Parlamento, a súa decisión tamén a min me sorprende e non deixou de me desconcertar un pouco. Co respecto que sempre lle tiveron e a confianza que nunca me pasou pola cabeza retirarlle, estando a falar con el, e non sen certa vacilación, pregunteille se realmente esta-

ba seguro de que esa era a mellor opción; e, sobre todo, se iso non ía escandalizar a moita xente. A contestación foi inmediata e tallante: “Mira, Andrés, cando eu vexo algo en conciencia, non dou marcha atrás, aínda que se opoña o mundo enteiro”. O meu silencio admirado e respectuoso foi a mellor resposta. E sigo a pensar que este episodio constitúe a máis axeitada referencia para unha interpretación correcta desa e doutras opcións. A ninguén se lle pode negar o dereito a discrepar delas no tocante ao seu acerto ou desacerto obxectivo. Creo que sería indiscutiblemente inxusto pór en cuestión a rectitude das súas intencións e o seu estaren determinadas pola busca do ben para Galicia.

O cuarto trazo non é tan espectacular, pero, no meu parecer, non resulta nin menos significativo nin, no fondo, menos admirable. Apunta a unha característica de Piñeiro que non sempre se salienta, pero que, persoalmente, sería talvez a que nomearía se tivese que escoller o seu trazo máis ultimamente definitorio. Refírome ao seu delicado e *profundo humanismo*, no sentido de apertura a todas as dimensións que constitúen esa difícilísima trama que constitúe a riqueza inesgotable do mundo persoal. Do *humanum*. E non penso tan só no interese universal que Piñeiro, tan entregado ao labor político, mostraba por todas as dimensións da cultura: con el podías falar de todo, coa seguridade de encontrar un oído atento, unha curiosidade insaciable e unhas observacións sempre atinadas. Non o exclúo, claro está. Pero neste momento refírome en primeiro lugar a algo que nunca foi doado e que talvez hoxe está especialmente ameazado: o cultivo dos valores íntimos, a educación dos sentimentos, a estima das emocións, a construción equilibrada desa marabilla nunca rematable que é a realización da persoa humana.

Era xa na etapa final da súa vida. Piñeiro sufrira un accidente por fortuna non grave, pero que lle mancara un brazo, cuxa cura precisara internamento clínico. Estando unha tarde a visitalo, a unha natural case tópica pregunta miña, acerca de se tiña dor, díxome que o brazo lle estaba a doer bastante. De xeito espontáneo, suxerínlle por qué non pedía un analxésico. A resposta foi inmediata e sorprendente: “non, esta dor tamén é miña e eu quero vivila”. A anécdota mesmo pode parecer banal e non sei calibrar cómo a percibirán os demais. De min sei dicir que xa entón pensei que algo así só se consegue tras un intenso cultivo da propia interioridade e unha moi delicada valoración do verdadeira e autenticamente humano. E o seu recordo aínda hoxe me admira e me dá que pensar, coma unha porta que abre un interior moi fondo, coma unha “epifanía” joyseana que de repente revela un mundo de sentido.

De feito, xa tamén entón me veu á cabeza unha frase que segue a me visitar decote. Frase querida a Hölderlin, que a cita por dúas veces. Xa que empecei evocando palabras latinas, permitídeme tamén esta cita final: “Non coercheri maximo, contineri tamen a minimo, divinum est”. “Non ser encerrado polo máis grande e, non obstante, ser contido polo máis pequeno, iso é algo divino”. Hölderlin pensaba que a frase estaba no epi-

tafio de Ignacio de Loyola. Descubriuse que non hai tal, pois pertence a un eloxio fúnebre do santo, feito en Amberes no século XVII¹.

En calquera caso, penso que, se vale para alguén, lle acae de maneira xusta, e ben axustada, a Ramón Piñeiro. A súa exquisita modestia persoal, sempre a fuxir dos primeiros planos e dos grandes espazos públicos, contrasta coa grandeza real da súa figura, que, rebordando os límites dunha cultura tópica e dunha política estreita, traballou como poucos para abrir Galicia á cultura universal, tecendo unha increíble rede de relacións, que a fosen situando con eficacia na ancha fraternidade do mundo.

Deixádeme soñar: cando, pasados os anos preceptivos, o seu corpo sexa levado ao panteón ilustre que abriu Rosalía e de momento pecha Castelao, esas palabras –grande na súa modestia, modesto na súa grandeza– ben poderían ser o epitafio que sintetice o cerne máis íntimo da súa figura.

1 Dá os datos G. Fessard, *La dialectique des Exercices Spirituels de saint Ignace de Loyola*. * Temps. Liberté. Grâce, Paris 1956, 164-177: "Circularité des Exercices et circularité du savoir absolu d'Ignace à Hegel par Hölderlin". Foi Hugo Rahner quen fixo o descubrimento.